

MEMORIA ANUAL 2007

Esta memoria xorde da aplicación consciente de dous puntos recollidos nos Principios de Organización e Traballo que Verdegaia aprobou na súa asemblea constituínte: o Principio de comunicación e imaxe fiel na información e o Principio de transparencia e pluralidade do financiamento, ámbolos dous formulados dende o entendemento de que a nosa asociación debe ficar aberta á sociedade e de que debemos rendir contas do noso traballo diante dela.

QUEN SOMOS?

Verdegaia é unha asociación ecopacifista galega sen ánimo de lucro, plural, democrática, apartidaria e independente. Naceu 2 de Abril de 2006 co obxecto de contribuír desde Galiza para a defensa do ambiente e o avance na transformación social e mundial en termos de sustentabilidade ecolóxica, xustiza social e paz, na procura dunha saída emancipatoria á crise ecolóxica global.

O noso estilo de traballo responde a un conxunto de principios que procuran, como dixemos anteriormente, a transparencia, o rigor e a esixencia crítica, a paridade,

a planificación, a participación dos socios e socias e o traballo en rede.

Territorialmente, organízase en núcleos de ámbito comarcal. En 2007, estiveron activos catro: Ferrol, Eume e Ortegal; Ourense; Santiago de Compostela e Vigo. A 31 de decembro de 2007, Verdegaia contaba con 220 socios e socias, dos que un 35 % podemos considerar activistas polo seu grao de implicación nas actividades da asociación. O traballo de Verdegaia fundaméntase, xa que logo, no compromiso voluntario, pois carecemos de persoas contratadas.


TRABALLANDO EN REDE

Verdegaia considera fundamental o traballo en rede con outras organizacións, especialmente de carácter ecoloxista, tanto de dentro como de fóra de Galicia, actuando segundo o lema pensando globalmente e actuando glocalmente (local e globalmente), na procura de xerar sinerxias que contribúan ao avance cara a sustentabilidade ecolóxica, a xustiza social e a paz.

Formamos parte da Federación Ecoloxista Galega (www.federacionecoloxista.org), mantemos unha relación estreita coa confederación estatal Ecologistas en Acción (www.ecologistasenaccion.org), da que somos a organización referente en Galicia. A Coordinadora Estatal en Defensa do Ferrocarril Público (www.plataformaferrocarril.org) e outra das organizacións nas que estamos implicados.

Participamos activamente na creación da Rede Galiza Non se Vende (www.galizanonsevende.org) que agrupa a plataformas e colectivos preocupados pola sustentabilidade no territorio e tamén na Plataforma antiTransxénicos (www.galizasentransxenicos.org)

Este ano tamén asinamos un manifesto de colaboración coa ONGD Amarante (www.amaranteong.org) denominado "Sinexias para Transformar" co que iniciamos unha colaboración estábel entre ámbalas dúas organizacións cuxo primeiro froito foi a inauguración dun local conxunto en Ourense.



QUE FIXEMOS NO 2007?

Verdegaia quiere fomentar cambios en valores, políticas e prácticas para avanzar cara a sustentabilidade a través da implicación dunha cidadanía activa disposta a loitar contra a deterioración ambiental. Para acadar estes fins, desenvolvemos o noso traballo organizando e apoiando accións de diferente tipo e en campos moi variados: actividades de sensibilización, denuncias, propostas, mobilizacións,... Aquí presentámosche un breve resumo do traballo que desenvolvemos ao longo de 2007 en diversas áreas temáticas, traballo sobre o que podes obter máis información consultando a nosa web www.verdegaia.org



A Campaña de erradicación da herba do coitelo na Illa de Sávora pechouse con 5.000 kg recollidos

e unha axeitada depuración, e a conveniencia de adoptar medidas que impliquen a toda a cidadanía fomentando a co-responsabilidade na procura dunha Nova Cultura da Auga .

Energía e cambio climático.

Elaboramos o documento *Energía Eólica para a Sustentabilidade* no que propoñemos un novo modelo de enerxía eólica para a sustentabilidade. En colaboración con *Ecologistas en Acción* promovemos a exposición "Freemos o Cambio Climático" que está a disposición de todas as entidades que o soliciten. Coincidindo co segundo aniversario da entrada en vigor do Protocolo de Quioto, a iniciativa de asinamos unha carta á Comisión Europea pedindo que non dea a súa aprobación ao Plano Nacional de Asignación de dereitos de emisión de dióxido de carbono para o período 2008-2012 de España (PNA 2) sen esixir modificacións. Tamén denunciámos xunto con *Greenpeace* e *Ecologistas en Acción* o trato de favor ás centrais térmicas de carbón no reparto dos dereitos de emisión de CO₂ á vez que enviabamos un agasallo de carbón ao Conselleiro de Ino-

Sustentabilidade.

Con motivo das eleccións municipais do pasado mes de maio, Verdegaia presentou un documento de propostas para facer municipios sustentables que abrangúa todos os campos da actividade municipal. Así mesmo, presentamos unha mo-

ción municipal sobre recursos hídricos nos principais concellos galegos coa que pretendiamos trasladar aos concellos a urxente necesidade de acometer unha mudanza radical na xestión dos recursos hídricos que permita mellorar a calidade ecolóxica das augas litorais e continentais mediante a diminución do consumo



A I Masa Crítica Galega reuniu perto de 200 ciclistas en Compostela

vación e Industria e ao Conselleiro de Medio Ambiente pola súa conivencia con este trato de favor.

Transporte e mobilidade.

Presentamos a nivel galego o informe *4x4=planeta* elaborado por Ecologistas en Acción. Promovemos en colaboración coa USC e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible o Programa de Prestamo de Bicicletas da USC e tamén articipamos na organización da 1ª Masa Crítica Galega. Co gallo da Semana Europea da Mobilidade desenvolvemos unha comparativa práctica de medios de transporte en Compostela, Ferrol, Ourense e Vigo. Integramonos na ConBici-Coordenadora Ibérica en Defensa da Bici.

Montes e incendios forestais.

Sumámonos á organización que fomenta o sistema internacional de certificación forestal sostible FSC (Forest Stewardship Council) en España como demostración do noso apoio aos Principios e Criterios de xestión forestal promovidos polo selo FSC aínda que, algunhas certificacións inadecuadas, como a concedida a NORFOR (Grupo ENCE) en Galicia, téñennos situado nunha posición moi crítica dentro dela. Organizamos un curso de Voluntariado Forestal en Ourense.

Biodiversidade.

Iniciamos a Campaña de erradicación de herba do coitelo dos areas galegos: cunha charla informativa no P.N. das Illas Atlánticas e realizando unha actividade de eliminación (arrancamus 5 Tn) nese mesmo espazo natural, na Illa de Sálvora. Seguimento de distintas actuacións que ameazan o patrimonio natural presentando denuncias e alegacións, salientando as presentadas aos proxectos da Z.E.P.A. "A limia", A.A.I. de Ence, Depuradora do Grobe, P.R.U.X. do P.N. do Monte Aloia, Parque eólico Albariño I, Plano Director da Rede Natura, Plano de Portos Deportivos, Plano Acuícola. Activistas de Verdegaia son tamén representantes do movemento ecoloxista en tres espazos naturais protexidos: Parque Nacional das Illas Atlánticas, Parque Natural das Fragas do Eume e Parque Natural dos Montes do Invernadeiro.



"Cogunen@s" e "Sapoconchos" desenvolveron o seu programa de actividades ao longo do ano no que combinaron saídas e roteiros con obradoiros.

Globalización e paz.

Xunto con outras organizacións diriximos unha carta Ministerios de Asuntos Exteriores e Medio Ambiente, así como a eurodeputad@s do Estado español denunciando o emprego para a privatización da auga de fondos da UE para Cooperación ao Desenvolvemento. Divulgamos distintas ciberaccións e impulsamos con outras entidades a creación do Foro Social Galego.

Educación Ambiental.

Todos os núcleos comarcais organizaron roteiros para axudar a divulgar os valores do noso medio natural. Tamén se impulsaron de forma periódica actividades de educación ambiental dirixidas a nenos e nenas mediante o grupo *Cogunen@s* en Santiago e *Sapoconchos* en Vigo. Seguíuse coas iniciativas a prol dun consumo responsable coa celebración de mercadinhos de troco nas principais cidades galegas. Iniciouse o proxecto de estudo do currículo oculto antiecolóxico dos libros de texto coa celebración de dous encontros de preparación en Ourense

O traballo dentro da Rede Galiza Non se Vende ten sido unha constante na actividade de Verdegaia dende a súa constitución





COMUNICACIÓN

A comunicación tanto interna como externa converteuse nestes dous anos nun dos piares da actividade e da capacidade de incidencia de Verdegaia. A web e as distintas notas de prensa enviadas sitúanos nun posto relevante na atención dos medios de comunicación (fundamentalmente radio e prensa escrita) e das redes sociais de intensa actividade en internet. A creación das listas de distribución por áreas facilitou e organizou en grande medida a comunicación interna. Ás visitas a nosa web cuadruplicáronse chegando ás 86.000 no último ano. Tamén editamos o boletín impreso semestral Fiando Verde tiraxe de 1000 exemplares por número. Alén diso, e como proxecto autónomo de Verdegaia, seguimos apoiando a revista electrónica Cos Pés na Terra (www.cospesnatera.

info). Outorgamos por segundo ano os premios Semente/Cemento á mellor e peor actuación ambiental do ano. Nesta edición o Semente entregouse á Plataforma Veciñal Cruceiro de Meá pola súa decidida actuación contra a instalación da Planta de Gas de REGANOSA na Ría de Ferrol o Cemento ao Consello da Xunta personificado en Fernando Blanco, Conselleiro de Innovación e Industria e Pachi Vázquez, Conselleiro de Medio Ambiente por seren os máis directos responsábeis de conceder autorización administrativa á canteira "A Campa", situada no Courel, que levaba funcionando máis dunha década ilegalmente.

FINANCIAMENTO



En 2007, ingresamos 8.259,25€ e gastamos 7,102,61€. Recibimos un total de 4.000 € en subvencións públicas, concretamente da Consellería de Medio Ambiente, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e o Concello de Vigo, todas elas adicadas a actividades específicas e salvagardando o principio de transparencia e pluralidade no financiamento. Este principio, xunto co resto dos nosos principios de organización, concretámolo e fixémolo público a través da web.

AGRADECEMENTOS

En primeiro lugar, queremos agradecer a confianza e o apoio de todos os socios e socias de Verdegaia. Tamén queremos dar as grazas a todas as organizacións que traballaron connosco na organización conxunta de diferentes actividades. E tampouco queremos esquecer a colaboración doutras persoas e entidades que nos achegaron a súa valiosa axuda de diferentes xeitos.

Como podes contactar connosco?

Apartado de correos 49.

15780 Santiago de Compostela

info@verdegaia.org

www.verdegaia.org